

## ACOLLIDA TERCEIRO DE PRIMARIA

### → INSTRUCCIÓN PARA O ACCESO

- Comezamos o xoves día 10 de setembro, no horario habitual.
- O alumnado de terceiro de primaria que chega **transportado** entrará polo **portalón de abaixo** e dirixirse á súa aula directamente, **sen facer fila**.
- O alumnado **acompañado** entrará polo **portalón de arriba** e tamén accederá directamente á aula. Só **unha** persoa **acompañante**.
- As mestras estaremos agardando aos nosos alumnos e alumnas dentro da aula, para recibilos segundo vaian chegando.
- As aulas de terceiro están no **1º andar (o mesmo que o ano pasado)** e son as n.º 17 (3ºA) e n.º 18 (3ºB); as que están ao final do corredor.
- As **saídas** serán **sempre** polo **portalón de arriba**. **Terceiro sairá ás 13:40 h. durante todo o curso.**



### → MATERIAL

Todo o material deberá estar perfectamente identificado, posto que non poden compartir, por razóns sanitarias.

O xoves 10, primeiro día, deben traer:

- a **mochila**, na que levarán os libros de préstamo para forrar. Lembrade enviar cuberto e firmado o documento que se inclúe cos libros, ao día seguinte.
- o **extoxo** cos lapis, bolígrafos, gomas, cores, pegamento ....
- **dúas carpetas** de goma.
- A **axenda**
- A **merenda** nunha bolsiña cunha botella reutilizable de auga. Lembrade que non poden enchela no centro. Procurade, coma sempre, que sexan merendas saudables.
- **Kit Covid; un pequeno neceser que inclúa** unha máscara de reposto, un paquete de panos de papel, un bote pequeno de xel hidroalcohólico, e un pequeno estoxo/bolsiña para gardar a máscara que deben cambiar durante a mañá. As máscaras tamén deben poñer o seu nome.

En canto sexa posible, recibiredes máis información polo **Abalar Móbil**. **Pregamos que todos o teñades descargado no voso teléfono**. Estade atentos a posible avisos a través da web do centro.

Este curso seguiremos utilizando o **blogue de aula e a Aula Virtual**.

En canto sexa posible realizaremos a **reunión de principio de curso por videoconferencia**.

**Un saúdo para todos e todas; vémonos axiña!!!  
Moito ánimo!!!**

Cristina Rodríguez Rouco, titora de 3ºB  
Mar Ares Travieso, titora de 3º A